



## POSTA EN MARCHA DUN NEGOCIO

### Sociedade limitada laboral






**XUNTA  
DE GALICIA**

**Edición:**  
Xunta de Galicia

**Autor:**  
OBZ SL

**Deseño e maquetación:**  
OBZ SL


**Santiago de Compostela, 2024**  
**Depósito legal:**  
C 598-2024





# ÍNDICE



## 9. Sociedade limitada laboral



✓ **SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA NA QUE A MAIORÍA DO CAPITAL SOCIAL PERTENCE ÁS PERSOAS SOCIAS TRABALLADORAS.**



## 2 Definición e características

### DEFINICIÓN

Sociedade de responsabilidade limitada na que o capital social pertence na súa maioría ás persoas socias traballadoras que levan a cabo un traballo retribuído dunha forma persoal e directa, cunha relación laboral por tempo indefinido. Os devanditos socios traballadores deben posuír polo menos un 51% da sociedade.

Unha sociedade de responsabilidade limitada laboral (SRLL) ou sociedade limitada laboral (SLL) é un tipo de sociedade mercantil na que a responsabilidade se limita ao capital que se achega. Este capital social dividírase en participacións sociais, indivisibles e acumulables..

A responsabilidade na xestión dunha SLL recae sobre a persoa ou persoas administradoras e non sobre as persoas socias. Se a sociedade estivese administrada por un Consello de Administración, as persoas titulares de participacións sociais da clase xeral poderán agrupar as súas participacións para nomear os seus membros.

Unha SLL ten personalidade xurídica propia, é dicir, a sociedade ten capacidade suficiente para contraer obrigas e realizar actividades que xeran plena responsabilidade xurídica, fronte a si mesma e fronte a terceiros.

### TIPOS DE PERSOAS SOCIAS E FUNCÍONS:

#### Persoas socias traballadoras

#### Persoas socias de clase xeral

#### Persoas socias traballadoras:

- ✓ Achegan capital e traballo.
- ✓ Habitualmente encárganse da xestión diaria da empresa.
- ✓ Participan nas ganancias e perdas da empresa.
- ✓ Deben darse de alta como persoa empresaria individual ou autónoma en función da % de participacións que posúa e a súa capacidade de toma de decisións segundo se indica a continuación:
  - Posúe o 25% do capital e realiza tarefas de xerencia.
  - Posúe o 33% do capital e traballa na empresa.
  - Posúe o 50% do capital da empresa (individualmente, co/coa cónxuxe ou familiar convivente ata o 2º grao.

#### Persoas socias de clase xeral:

- ✓ Son persoas físicas ou xurídicas (podería ser outra empresa) que participan no capital social da empresa. Non adoitan participar na xestión diaria.
- ✓ Habitualmente achegan capital como vía de investimento na empresa.
- ✓ Participan nas ganancias e nas perdas da sociedade.

#### Diferenza entre unha SL e unha SLL:

A principal diferenza radica no tipo de socios. No caso das SL, os socios poden ser persoas físicas ou xurídicas e non se esixe ningunha relación laboral entre eles. Nas SLL, as persoas socias deben ter algún tipo de relación laboral coa empresa.



### CARACTERÍSTICAS

As características principais deste tipo de sociedade son:

- ✓ Requírese dun mínimo de dúas persoas socias no momento da constitución e cómpre chegar ao mínimo de tres persoas socias antes dos 36 meses. Non hai máximo.
- ✓ Ningunha das persoas socias poderá ter participacións por contía maior da terceira parte do capital social da empresa (con dúas excepcións):
  - Se a sociedade a constitúen dúas persoas socias traballadoras (cada unha terá o 50% do capital e dereito ao voto).
  - Se as persoas socias son entidades públicas, de participación pública, entidades non lucrativas ou de economía social; as participacións destas persoas socias poden ser maiores, sen alcanzar o 50% do capital social achegado.
- ✓ O capital social divídese en participacións sociais, que se clasifican en clase laboral e en clase xeral.
  - Clase laboral. Esta participación refírese á propiedade das persoas traballadoras cunha relación laboral por tempo indefinido.
  - Clase xeral. Esta participación compón o resto das participacións.
- ✓ Terase que establecer un Fondo Especial de Reserva para a compensación de perdas económicas e/ou adquisición das súas propias accións ou participacións sociais de ser necesario. Esta reserva especial debe ser dun 10% do beneficio líquido de cada exercicio.
- ✓ Terá que existir un libro de rexistro de persoas socias no que se anotarán as persoas socias titulares orixinais e as transmisións das participacións no caso de producírense.
- ✓ O número de horas ao ano traballadas polas persoas traballadoras contratadas por tempo indefinido que non sexan persoas socias, non poderá ser superior ao 49% do total de horas ao ano traballadas polo conxunto das persoas socias traballadoras.
- ✓ Na denominación da empresa deberá figurar necesariamente a indicación "sociedade limitada laboral" ou "sociedade de responsabilidade limitada laboral" ou polas súas siglas "SLL" ou "SRLL".

### VANTAXES

- As persoas traballadoras, ao posuír a maioría do accionariado da sociedade, serán as que exerzan o control da empresa.
- Ao ser unha sociedade limitada, as persoas socias non responderán das débedas contraídas pola empresa co seu patrimonio persoal.
- Non existe un número máximo de persoas socias.
- As persoas socias, ao achegar a súa forza de traballo, incrementan a motivación dentro da empresa para que todo vaia ben.
- Este tipo de sociedade ten certas vantaxes á hora de obter axudas e subvencións.
- Maior estabilidade e solidez económico-financeira ante continxencias ao ter que constituír un Fondo Especial de Reserva polo 10% do beneficio xerado.
- Existe a posibilidade de liberdade de amortización dos investimentos en inmovilizado material e inmaterial durante os 5 primeiros anos dende a súa constitución.
- Existe a posibilidade de beneficiarse da prestación por desemprego no caso de cesamento de actividade para todas as persoas socias traballadoras e as persoas do órgano de administración a condición de que estivesen afiliadas ao réxime xeral da Seguridade Social.
- Outras bonificacións en impostos: imposto de actividades económicas (IAE) do 95% e un 100% no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados na constitución, a ampliación de capital, etc.

### INCONVENIENTES

- ✗ A toma de decisións pódese frear no caso de que existan persoas socias traballadoras e persoas socias de clase xeral.
- ✗ Precísase dun mínimo de tres persoas socias antes dos tres anos de antigüidade.
- ✗ No caso de que se presenten niveis baixos de beneficios, tributar mediante o imposto de sociedades pode resultar un inconveniente.
- ✗ Diminución dos beneficios para repartir debido á obriga de constituír un Fondo Especial de Reserva dun 10% do beneficio derivado da actividade empresarial.
- ✗ Limitacións na transmisión libre de participacións: as persoas socias non poden transmitir libremente as súas participacións a terceiros se non está indicado nos estatutos. Si que se poden transmitir libremente entre persoas socias traballadoras ou persoas traballadoras non socias con contrato indefinido.

### PROCESOS E TRÁMITES

#### PROCESO DE CONSTITUCIÓN

Os trámites de constitución dunha sociedade limitada laboral son similares aos doutras formas xurídicas: primeiro precísase ter a escritura e estatutos inscritos e despois acudir a Facenda, á Seguridade Social e, en caso de necesitar licenza de apertura, ao concello da localidade onde se fixe o domicilio fiscal.

Os pasos a seguir para a constitución serían:

- ✓ Solicitud de certificación negativa do nome da sociedade que se vai constituír no Rexistro Mercantil Central (certificación negativa de denominación) .
- ✓ Cualificación de sociedade limitada laboral pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia (cualificación de sociedade laboral) .
- ✓ Apertura dunha conta bancaria provisional ao nome da nova sociedade en formación onde as persoas socias deben depositar o capital social no caso de que este fose diñeiro en efectivo.
- ✓ Escritura pública de constitución que se outorgará polas persoas socias fundadoras e determinación da forma de administración da empresa.
- ✓ Liquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados en Atriga (MODELO 600) .
- ✓ Solicitud do NIF provisional na AEAT (MODELO 036) .
- ✓ Inscrición da empresa no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais (registro sociedade laboral) .
- ✓ Inscrición da sociedade no Rexistro Mercantil correspondente.
- ✓ Solicitud do NIF definitivo na AEAT (MODELO 036) .

#### TRÁMITES PARA A POSTA EN MARCHA DA SOCIEDADE LIMITADA

- ✓ Obtención do certificado dixital.
- ✓ Alta no censo de empresarios da Axencia Tributaria (MODELO 036) onde se indica a actividade que se vai realizar, o domicilio e as obrigas fiscais da empresa.
- ✓ Alta das persoas socias e/ou administradores/administradoras no réxime especial de traballadores autónomos (RETA) na Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS) en función da porcentaxe de capital social (propio e/ou en mans da persoa cónxuxe ou de familiares ata o segundo grao cos que convive) e funcións de dirección ou xerencia.

## 4 Constitución e posta en marcha

- ✓ Inscripción da empresa na Seguridade Social, obtención do código de conta de cotización (CCC), no caso de contratar traballadores.
- ✓ Comunicación da apertura do centro de traballo na Xunta de Galicia.
- ✓ Afiliación e alta das persoas traballadoras no réxime xeral da Seguridade Social co seu correspondente rexistro de contratos ao Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE).
- ✓ Obtención do calendario laboral.
- ✓ Contratación do servizo de prevención de riscos laborais.
- ✓ Legalización dos libros obrigatorios e as contas anuais no Rexistro Mercantil: o Libro de actas, o Libro rexistro de socios, o Libro-rexistro de accións nominativas, o Libro rexistro de contratos entre a persoa socia e a sociedade, o Libro diario e o Libro de inventarios e contas anuais.

### OUTRAS POSIBLES OBRIGAS DE CARÁCTER ADMINISTRATIVO DA SOCIEDADE LIMITADA

- ✓ Licenza de apertura/actividade no concello correspondente.
- ✓ Outras licenzas en función da actividade.
- ✓ Rexistro de signos distintivos na Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM).

### CUALIFICACIÓN E INSCRICIÓN COMO SOCIEDADE LABORAL

A cualificación e inscrición da sociedade limitada laboral realízase no mesmo trámite , e débese achegar no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais da Xunta de Galicia a seguinte documentación:

- ✓ Solicitud.
- ✓ Escritura pública de constitución.
- ✓ Pago das taxas correspondentes.

No caso dunha sociedade preexistente, a cualificación require de máis documentación relativa a datos actuais relativos a asentos vixentes da entidade, acordos da xunta xeral favorable á cualificación, modificacións de estatutos, cotizacións á Seguridade Social das persoas traballadoras e asalariadas, etc.

## 4 Constitución y puesta en marcha

A constitución e posta en marcha dunha sociedade limitada laboral débese facer de forma **presencial** nos diferentes organismos e Administracións públicas, aínda que algúns trámites se poden realizar online co certificado dixital:

**AEAT**, Axencia Estatal de Administración Tributaria: Tel: 91 290 13 40

Oficinas A Coruña  
Oficinas Lugo  
Oficinas Ourense  
Oficinas Pontevedra

**Atriga**, Axencia Tributaria de Galicia: Tel: 881 955 800


Delegación A Coruña  
Delegación Lugo  
Delegación Ourense  
Delegación Pontevedra  
Delegación Vigo

**Seguridade Social** Tel: 91 542 11 76

*A alta debe facerse de forma telemática obrigatoriamente.*



## 4 Constitución y puesta en marcha



## 5 Obrigas fiscais

Algunhas das obrigas fiscais da sociedade mencionáronse no proceso de constitución e posta en marcha:

- ✓ Darse de alta no censo de persoas empresarias mediante a presentación do MODELO 036 ou MODELO 037 .
- ✓ Liquidacións periódicas de IVE: trimestralmente mediante o MODELO 303 , e de maneira anual co MODELO 390 .
- ✓ Imposto de sociedades (IS) mediante a presentación do MODELO 200, se é preceptivo, e MODELO 202 .
- ✓ Retencións á conta do IRPF mediante a presentación do MODELO 111 , MODELO 115 , MODELO 180 e MODELO 190 (segundo as circunstancias).
- ✓ Alta no epígrafe IAE correspondente á actividade que se vai desenvolver mediante a presentación do MODELO 840 ou MODELO 848 . Cóntase cunha bonificación do 95%.
- ✓ No seu caso, MODELO 347 Declaración anual de operacións con terceiras persoas.
- ✓ As contas anuais.
- ✓ Autoliquidación do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados – ITP e AXD (MODELO 600) . A operación de constitución está exenta do devandito imposto, aínda que se debe presentar igualmente o devandito modelo.

## PARA TER EN CONTA

### BONIFICACIÓNS E AXUDAS

Existen bonificacións pola incorporación de novas persoas socias, no imposto de actividades económicas e no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, así como axudas e subvencións específicas para este tipo de sociedades, infórmate axeitadamente. As axudas poden resultar interesantes, pero lembra que a viabilidade dun proxecto non se debe apoiar nunca exclusivamente nelas.



## 6 Extinción e cesamento de actividade

No caso particular das sociedades limitadas laborais pódese dar o caso de perder a cualificación de sociedade laboral sen que implique un cesamento ou extinción da sociedade.

As principais **causas de perda da cualificación como "sociedade laboral"** son:

- **Superación dos límites establecidos** en canto ao número de participacións que representa, o número de horas ao ano traballadas polas persoas traballadoras.
- **Falta de dotación ou aplicación indebida da reserva especial.**
- **Comunicación inadecuada:** se non se comunica a causa legal de perda de cualificación ou se se incumpren os prazos de adaptación establecidos.
- **Acordo da Xunta Xeral:** a sociedade pode perder a súa cualificación laboral se a Xunta Xeral acorda a descualificación se cumpre os requisitos e maiorías establecidos para modificar os estatutos.
- **Repercusións da descualificación:** a perda da cualificación implica a devolución de beneficios e axudas públicas que se adquiriron debido á súa condición de sociedade laboral. Ademais, os estatutos poden establecer a perda da condición de "sociedade laboral" como causa de disolución.


A extinción dunha sociedade é o proceso mediante o cal a persoa empresaria realiza os trámites necesarios para o peche da empresa.

Antes de tomar unha decisión, as persoas socias fan ben en sopesar todas as consecuencias legais e financeiras derivadas da extinción da sociedade, porque, nalgúns casos, pode bastar un cesamento, que deixa a porta aberta a unha reactivación posterior sen chegar á disolución.

No proceso de extinción débense seguir estes pasos: disolución-liquidación-extinción.



## 6 Extinción e cesamento de actividade



### DISOLUCIÓN

A disolución precísase para a liquidación da sociedade; non supón a desaparición da forma xurídica, senón a paralización da actividade ordinaria da empresa.

Para que se produza a disolución da sociedade precísase chegar a un acordo da Xunta de persoas socias para poder iniciar o proceso de liquidación da empresa.

Coa disolución a empresa entra en período de liquidación e debe engadir á súa razón social a frase "en liquidación". Ademais, suspéndese a actividade ordinaria e substitúese o órgano de administración polas persoas liquidadoras.

No caso de que o proceso de liquidación se estenda por un período superior a un ano, o balance anual substitúese por un estado de contas.

### LIQUIDACIÓN

A finalidade da liquidación é a repartición do patrimonio entre as persoas socias despois de cobrar os créditos pendentes e pagar as débedas con terceiros. Nesta fase a sociedade aínda podería reactivarse, pois, aínda que a actividade estea paralizada, a sociedade segue a manter a súa personalidade xurídica e por iso manteranse as convocatorias e reunións das xuntas xerais de persoas socias.

As persoas que levan a cabo este proceso convértense en liquidadoras e désígnanse segundo o establecido nos estatutos. No caso de que os estatutos non recollan a asignación, será a Xunta Xeral a encargada de nomear as persoas liquidadoras.

## 6 Extinción e cesamento de actividade

Nas xuntas, as persoas liquidadoras deberán explicar a marcha da liquidación para que a xunta acorde o que máis conveña.

Unha vez concluída a fase de liquidación, as persoas liquidadoras presentarán á Xunta Xeral os seguintes documentos:

- Un balance final.
- Un informe completo sobre as operacións realizadas.
- Un proxecto coa división entre as persoas socias do activo resultante.

Un caso especial que se debe ter en conta é a *liquidación por concurso de acredores*, na cal se produce a disolución da empresa de pleno dereito e na que non procede o nomeamento de persoas liquidadoras.

A lexislación que se deben aplicar é a establecida no capítulo II do título V da Lei concursal .

**NOTA:** se a sociedade non tivese débedas nin créditos pendentes, a disolución e a liquidación poderían levarse a cabo de forma paralela.

### EXTINCIÓN

Unha vez realizada a liquidación, as persoas liquidadoras deben obrigatoriamente inscribir a extinción no Rexistro Mercantil (RM) mediante escritura pública que conteña:

- O Balance final de liquidación.
- O acordo de aprobación do balance final.
- A declaración de que se lles pagou ás persoas acredores ou á consignación dos seus créditos.
- A división do resultado final e como se distribuíu o patrimonio entre as persoas socias.

Tras a extinción, no prazo dun mes, as persoas socias deben darse de baixa no censo de persoas empresarias da AEAT mediante o [MODELO 036](#) e do IAE mediante o [MODELO 840](#) .


No caso de ter persoas empregadas, deben dar de baixa o código de conta de cotización na Tesourería Xeral da Seguridade Social mediante o [MODELO TA.7](#) de solicitude de alta, baixa e variación de datos de conta de cotización.

Lembra que é esencial contar co asesoramento de profesionais do ámbito legal e contable para asegurarse de cumprir con todas as regulacións e procedementos aplicables en cada caso particular.

## 7 Normativa aplicable

### NORMATIVA

- Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas .
- Lei de sociedades de capital no non recollido por esta norma .
- Real decreto 2114/1998, do 2 de outubro, sobre rexistro administrativo de soc. laborais .





# COLECCIÓN DE MICROGUÍAS PARA **O EMPRENDEMENTO**

